

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP RAMÓN DE VALENZUELA
MATERIA:MÚSICA
DATA:01/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CCEC CCL CAA
Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	CCEC CAA CCL
Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical.	Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CSC CCEC
Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	Disfrutar da escoita activa e recoñecer parámetros musicais da mesma, adaptándose aos diferentes niveis	CCEC CAA CCL
Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación respectando as achegas da persoa responsable da materia	Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CCEC CAA
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. Creación de instrumentos de refugallo	CCEC CAA CCL CD
Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrece a expresión corporal e a danza	Reproduce e goza interpretando danzas	CAA CSC CCEC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión e análise da produción do alumnado.
	Instrumentos: Formularios online, fichas en pdf, gravacións auditivas e audiovisuais.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación debe ser continua, global e integradora; polo tanto, farase unha avaliación final ou sumativa. <u>Tomando como referencia a avaliación inicial, 1ª e 2ª; a 3ª avaliación adaptarase á situación de excepcionalidade actual,</u> tendo en conta que as actividades que se plantexan neste último trimestre son actividades de recuperación, repaso, reforzo ou ampliación sobre contidos dados. Prevalecendo o esforzo e interese persoal pola continuidade da materia e tendo en conta as dificultades que teñan no acceso ao material. Desta forma, poderase superar a asignatura (incluso no caso daqueles que tiveran unha a cualificación negativa en trimestres anteriores).

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>-Propostas interactivas para recoñecer parámetros auditivos ou relacionados cos conceptos básicos musicais.</p> <p>- Pezas instrumentais dixitais para tocar con e sen acompañamento (fruta doce e outros instrumentos de percusión) para favorecer a psicomotricidade fina, o ritmo interno, a coordinación dixital e da visión, o ritmo interno e a concepción harmónica.</p> <p>-Cancións para o disfrute, desenvolvemento da voz e do oído e para a realización de tarefas relacionadas coa mesma.</p> <p>-Bailes ou danzas para o disfrute e o beneficio da psicomotricidade grosa. Así como para a potenciación do control rítmico, coordinación e sentido espacial.</p> <p>Todas elas baséanse en actividades de repaso, reforzo ou ampliación de contidos dados na aula</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para o alumnado con conectividade: xogos e formularios online, actividades para desenvolver de forma auditiva ou audiovisual.</p> <p>Para o alumnado sen conectividade: traballos individuais escritos, actividades para desenvolver de forma auditiva ou audiovisual.</p>
Materiais e recursos	<p>Enlaces web, formularios en rede de creación propia, fichas de deseño propio e material de repaso, reforzo ou ampliación de editoriais ou de diversas bitácoras.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informa semanalmente (conforme ao calendario escolar) das actividades para realizar na súa materia a través do blog do centro, do correo electrónico facilitado ás familias ou a do contacto coas titoras do alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.